


NÚMERO 10// XUÑO 2022

CHÍO

A REBELIÓN DO POLBO



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Creación artística exclusiva de **Charly J** para **Chío**

Charly J é o nome artístico de **Juan Carlos Martínez Valcárcel**.

No ano 1984, **Charly J** comeza a bailar break dance nas rúas de Lugo, formando o grupo **Break Sky Masters** e, máis tarde, **Blood Stars**, cos que faría exhibicións por toda Galicia e comezaría a achegarse, tamén, a expresións coma o graffiti. En 1990 gravou o disco **Radyo**.

Na actualidade, xa apartado do panorama musical, traballa coma deseñador gráfico.



Juan Carlos Martínez Valcárcel é un artista completo: diplomado en deseño gráfico e industrial, foi profesor na Escola de arte Ramón Falcón e na Pablo Picasso, traballou en películas de animación como "**El bosque animado**", posúe unha voz feita para a locución e de feito, participou en diversas películas como actor de dobraxe.

Hoxe en día reside en Lugo e traballa para toda España facendo retratos a demanda, con técnicas modernas e cunha calidade indiscutible.

<https://www.facebook.com/LaCaraDeTuRetrato>

Como celebración deste número 10 de **Chío**, a portada da revista está conformada por unha fantástica colaboración dun artista local.

O que supón para nós, non só inaugurar un novo traxecto, senón seleccionar a parte máis destacada de **Chío**, coma fiestra que se abre para que os/as creadores da cidade conten cun espazo virtual destacado e único.

PORTADA INTEGRAL



EN EL FONDO EL OLVIDO ES UN GRAN SIMULACRO
NADIE SABE NI PUEDE/ AUNQUE QUIERA/OLVIDAR.

MARIO BENEDETTI





10 NÚMEROS: PIMPAMPUM*

Aínda que o quixera, non son quen de lembrar o meu décimo aniversario. Pode ser que fora cos amigos do Illa Verde e que tiveramos como BSO de fondo, mesmo "Material girl" ou "Venezia"...o que sen dúbida recordo é esa sensación de soprar candeas, abrir agasallos con grande afán, pedir desexos e crer en todo o que estaba por vir.

Futuro chamábanlle.

O **Chío** cumpre 10 números, que para nós son coma quen di, dez anos: sentimos a mesma ilusión polo que virá a partir de agora. Longa vida ao **Chío!**

DARÍO, SEMPRE NA MEMORIA

PACO NIETO



O luns 16 de maio fixo seis meses do pasamento dun home bo, que deixando moito feito; deixando unha pegada inesquecible,... moito debeu darnos aínda, porque o Darío, **Darío Xohán Cabana** é deses homes que non han morrer nunca. O poeta, o narrador, o ensaista, traductor...; o Darío do que impresionaba a súa humildade, elemento clave nos grandes homes; quen con el falaba, sentía estar a súa altura, cando eso era utopía, ate aí, e se cadra a moito máis, chegaba a súa bonhomía.

Todo nel era paixón ao falar das cousas pequenas que fan trascendente o mundo; como trascendente era o seu sorriso, era como abrir as portas da súa casa, onde un era benvido e recibido por **Amelia**, a súa muller; por **Alexandra e Martiño**, os seus fillos; a súa íntima tribo.

O fío desto, voules contar algo que vivín e do que fun testemuña e que gardo coma un tesouro.

Certo día, Darío no **Concello de Lugo**, na súa mesa ateigada de libros ordenadamente desordenados estabamos a falar de Cunqueiro e a súa presentación en Lugo do Don Hamlet, nos salóns de Jato, aló polo ano 1959, cando soa o seu teléfono de mesa. Levanta o auricular, alguén lle fala e o Darío di: "Ola, meu amor", era Amelia, claro. Separeime discretamente para non interferir na conversa, pero aquilo quedoume. Non foi a última vez. Certo día no salón de plenos do Concello nun acto do que Darío era protagonista, tivo fermosas verbas para a súa Amelia.

É posible, Amelia, que algún día na **RAG** da rúa Tabernas, na Coruña, abran as fiestras e deixen entrar aire fresco, que boa falta lle fai, e de paso que o inmovilismo de algúns troque en fortaleza e comunión co que teñen entre mans; e quen sabe se algúns deses refachos de aire ven de romeán.

É posible, Amelia, que algún día, neste Lugo de gama de grises, enxoito, todo óso, sen polas lúcidas e que pouco ou nada coida dos seus fillos, a figura do teu home mereza o recoñecemento que se lle esconde.

Remato: Amelia conta con paixón aquela viaxe do ano 91, primeiro a Rotterdam, logo a Utrech e dende alí en tren ate Florencia, para recoller a Medalla de Ouro desta cidade; o galardón outorgado a proposta da **Sociedade Dante Alighieri**, con ocasión da traducción feita por Darío, da Divina Comedia. Persoas autorizadas lembraron que o de **Darío Xohán Cabana**, foi o discurso máis fermoso do que gardan memoria. Fíxoo no italiano de **Dante**, o nunca escoitado naquel foro.



Poema de Darío*

Por amor
 Por amor nacín da terra.
 Por amor son o que son.
 Por amor canto o meu canto,
 por amor.
 Por amor sángranme os pulsos
 e abrásame o corazón.
 Por amor doénme os ollos.
 Por amor, só por amor.

15+2 YEARS OF BURNING PASSION

RESURRECTION FEST



29 JUNE - 03 JULY

GALICIA, SPAIN 2022

MIÉRCOLES 29 WEDNESDAY

JUEVES 30 THURSDAY

VIERNES 01 FRIDAY

SÁBADO 02 SATURDAY

DOMINGO 03 SUNDAY

MAIN STAGE

Deftones

Judas Priest
50 HEAVY METAL YEARS

Sabaton

AVENGED SEVENFOLD

KORN

BULLET
HEADLINE

Speth

RISE AGAINST

MASTODON

BRING ME
THE HORIZON

ALIEN
WEAPONRY

SEPULTURA

JINJER

GOJIRA

HEAVENLY BEAST

BLEED
WITHIN

HAMLET

Sabbath

BEYOND THE BLACK

RISE OF THE
MIGHTY DEATH

SERRAVALHO
ONZA - BOLD2 DEATH
BANDERANEGRA BJS

SPIRITBOX
VITA IMANA

OUR HOLLOW, OUR HOME
FREE CITY

ESKIMO CALLBOY
SKUNK OF

DAGOBA
DEADLY APPLES

RITUAL STAGE



VOMITORY
REUNITED
NOMEN
BLAZE MET - LEPIDA - ARJUN
W/ LEPIDA
WE FRITES AND THE BOMBE CRETTOS



SYLOSIS
HEAERA - THE RAVEN AGE
HEAD LABEL - APPROXIM - CRASHPAD
HARD CONTACT
W/ HEAD LABEL
SICK - THE BALL



MASTER BOOT RECORD
BAEERA - THIRTEEN BLED PROMISES
SOUND OF SILENCE - EEN
HEAVY HANG
W/ HEAD LABEL
BOLLS ON PARADE



ENFORCED - INFECTED RAIN
AS EVERYTHING UNFOLDS
BLACKMETER - MUSA
W/ HEAD LABEL
HARD CONTACT

CHAOS STAGE

MADBALL

MORNING AGAIN
MISCONDUCT
TRUE MOUNTAINS
KNOCKOUT
MADRID WILTING - BLAZE THE PINK

LIONHEART

EMPLOYED TO SERVE
SVALBARD
SANTAS
KISS BY NAME
MADRID - CHRISTMAS

RAISED FIST

MOSCOW DEATH BRIGADE
BLOWPSE - BOURBON KINGS
THE BROKEN HORIZON - BROKEN LINGUIE
WE EXIST EVEN DEAR
HARD CONTACT

KNOCKED LOOSE

BOYLE
BELVERERE
RUDE BASS - LA ARMADA
SULPY NAIRAL
LION

DESERT STAGE

ME-THAT MAN

TORCHE
ADRIPT - CHRIS MASUDA
GRIN BECKET WALTER
FREE FORWARD

AMENRA

CELESTE
EL ALTAR DEL HOLOCANSTO
RICHARD LES DANIES TOMBER
TOTEMITY - ROBBAN

WHO SA I WATCH YOU FROM AFAR

PLANET OF ZEUS
THE PICTUREBOOKS
WILLIS DOWNWOOD
SHARON STONER - ACYPROTECT

TOUNDRA

MY SLEEPING KARMA
CICLAMANTAS
FRATERNAL CODE - THE DEEP WOUNDS
ELEPHANT BONES - CALIFORN

ENTRADAS DE UN DÍA · ¡YA A LA VENTA!



INFO · ENTRADAS DIGITONIBLES EN
RESURRECTIONFEST.ES



www.ardelucus.com

ARDE LVCVS MMXXII

LVGO: 9-12 de XVÑO / JVNIO

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO
FIESTA DE INTERÉS TURÍSTICO NACIONAL

ORGANIZA:



Concello de Lugo
ALCALDÍA

Xuventude
e Deportes



COLABORA:



DEPUTACIÓN
DE LUGO

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 21-22

galici@



Estrella Galicia



gestagua

ABANCA



CAIXA RURAL
GALEGA



OROGELAS

PHOTOPOLARIS



AL ESTREITO

CORRISA

AYUNTAMIENTO

DEPORTES

DEPORTES

DEPORTES

DEPORTES

DEPORTES

DEPORTES

DEPORTES

DEPORTES

LUGO EXISTE, CLARO QUE LUGO EXISTE.



Son **Agustín Gallego**.

Logo de ver que en Lugo seguen a pechar comercios e negocios, os máis recentes: A Ponderosa ou La Bolsera Gallega,...e así suma e segue; dende o Concello non se pode mirar de esguello e facer coma se non pasara nada.

Dende **Lugo Sempre**, pedimos un plan ao Concello para que apoie, con medidas claras e concretas: como exencións e bonificación de taxas, así coma un plan de relevo xeracional que sexa atractivo para que autónomos e pequenos empresarios, poidan ter facilidades á hora de realizar traspasos dos seus negocios a mozos/as emprendedores. Evitando deste xeito, peches e, ao tempo, darlle continuidade e vida ao comercio local.

Eu me pregunto: onde están os nosos xestores públicos?

En política hai que estar para liderar, xestionar e adiantarse aos tempos.

Lugo nestes momentos está esmorecendo.

Adolece de políticos e políticas con altura de miras, son necesarios políticos/as con cabeza, corazón...e determinación

Lugo non ten políticas axeitadas que sirvan aos veciños/as, aos traballadores, aos autónomos/as, ás pemes, ao sector rural, ao pequeno comercio.

Peonalizamos o centro, si, ben, e despois que...Donde está un plan de turismo, onde un plan de cultura, onde o de transporte, donde un plan de convivencia viaria,...

A pesar do pouco ou nulo seso dos políticos mandantes, Lugo existe, claro que Lugo existe.

ESQUECEMOS OU FACEMOS QUE TAL?



Se retomamos o manifesto deste número 10 para darlle unha volta, somos quen de reflexionar sobre o que xa dixo, con acerto, Don **Mario Benedetti**: o esquecemento é un gran simulacro. Ninguén pode esquecer, aínda que quixera.

É, por tanto, posible esquecer un lugar que está cheo de memoria?

A sala de exposicións **Porta Miñá** (foto) é un sitio magnificamente recuperado para esa memoria e segundo a propia [web do Concello de Lugo](#):

"Sita nun antigo matadoiro rehabilitado para tal fin e situada fronte á porta da Muralla que lle dá nome, esta Sala de Exposicións acolle na actualidade unha mostra permanente sobre o Lugo Romano.

A través dun percorrido histórico organizado en catro bloques diferenciados: orixes, esplendor, fortificación da cidade e o seu ocaso; os visitantes a esta sala de exposicións poderán coñecer en profundidade este período da historia da cidade que abrangue desde as orixes de Lucus Augusti no século I a. C ata o seu declive a finais do século V d.C."

En Lugo seica somos especialistas en soterrar, ocultar, deixar para logo,...o tema de visibilizar a nosa memoria. Porque si, Porta Miñá alberga todo o dito, pero: que lugar lle damos a esta sala?



Aí a temos, sí: a carón de todo un patrimonio da Humanidade...porén, máis ben agochada detrás de varias casas que ademais, supoñen un importante tapón urbanístico.

Moito se fala, dun tempo a esta parte, do pasado romano de Lugo e temos a honra recente de facer musealización á vista de algunhas pezas (que non era sen tempo) Pero a sensación é de que hai medo a facer algo grande.

Igual que poñemos o noso interese en captar cartos de Europa para, poñamos por caso, facer un barrio ecolóxico, queda a pregunta no aire de porqué non se concentran esforzos en poñer en valor, ese pasado ao que tanto se recorre cando convén.

E non falamos dun **MIHL** que non é tal, nin dese museo da romanización que, de seguro, quen coordina esta revista non vai ver,...refírese esta reflexión a apostar por construír cidade, arredor do que fomos, dende o propio plano institucional.

Hoxe focalizamos esta reflexión co exemplo da Porta Miñá, as prospeccións arqueolóxicas no barrio do Carme e a súa integración co baluarte que supón, para **Lugo**, a nosa muralla.



Certo é que hai contempladas actuacións no barrio do Carme, pero abrir espazos é fundamental para que a propia cidadanía non sexa allea á realidade de Lugo. Senón todo o contrario: para seren cómplices e crear o impulso colectivo preciso co que certos proxectos chegan a converterse en GRANDES IDEAS que apoiar.

Eliminar o tapón (foto inferior), neste caso, mediante actuación municipal, suporía ganarlle terreo á zona, para deixar á vista ese magnífico matadoiro rehabilitado e poñer en valor o contido que alberga, e máis o propio continente.

Acaso non visibilizan vostedes onde hai agora ese grupo de edificacións ruinosas (esquina ca Rolda da Muralla) unha parcela de xardín que sexa capaz de unificar nunha única paisaxe a sala de exposicións, a igrexa do Carme e a muralla?

Canto mal nos fai pensar en pequeno!



FUNDACIÓN VÁZQUEZ CEREIJO- NIKITIK

Kotte

"Esperteime no faiado e abrín a miña xanela engaiolada entre fríos e soles mentres eu vivo atrapado no cepo das miñas historias, e soñando soñei que voaba entre fantasías afuraidadas (...)"



No ano 1940, **José Vázquez Cereijo** nace na casa familiar da Praza Maior de **Lugo**, onde viviu o seu tío, o poeta **Luis V. Pimentel**.

Sendo un neno de dez anos, xa comeza a interesarse pola pintura e dá os primeiros pasos no Círculo das Artes da man de **Ricardo Camino**. Na adolescencia, estuda e traballa con **Ánxel Xohan**; tamén practica o baile clásico con **Pilar Tabernero** e se relaciona con **Manuel María, Uxío Novoneira, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole, Luis Pimientel**...e frecuenta as tertulias do Méndez.

En Madrid estuda arquitectura e cinematografía, é profesor de debuxo na escola oficial de arquitectos de Madrid, fai amizade con **Tino Grandío** e móvese no mundo intelectual da época con persoeiros como **Celso Emilio Ferreiro, a familia Kreisler, Manuel García Pelayo, Gregorio Prieto e Maruja Mallo**. Os seus cadros xa teñen soa importante e mesmo forma parte do **grupo ABRA** no que, entre outros, está **Luis E. Aute**.

Pasando por ARCO e importantes galerías, realiza exposicións en diversos países europeos, que nos anos 80 e 90 estende por países de América latina, China ou Nova Iorque

Vázquez Cereijo Compaxinaa pintura co gravado, acadando sona internacional tamén nesta disciplina; ocorre o mesmo co mundo da literatura e da poesía. Froito do seu traballo son catro libros de grande acollida polo público.

O 16 do mes de agosto do ano 16, falece en Lugo, José Vázquez Cereijo.

Encheríamos follas e horas relatando a intensa vida de un home inesquecible.

Esa testemuña do latexar a lembranza de "Kotte" vai da man da súa víuva **Anne Nikitik**, quen dende hai un tempo traballa arreo, xunto con amigos e a súa man dereita, **María Astorgano**, de cara a conseguir que o legado de Vázquez Cereijo non se perda no tempo.

Na procura, xa que logo, da creación da **FVC-N (Fundación Vázquez Cereijo-Nikitik)**

Un obxectivo no que se camiña con paso firme, tentando implicar a institucións, empresas e mesmo particulares, para que Lugo poida ser sede da mesma e espalle a cultura de artistas da contorna que viu nacer a Vázquez Cereijo.



ACLARADO A MODO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

No referente aos **contidos** deste número 10 de **Chío**, cómpre aclarar o que segue:

- Portada: "A rebelión do polbo" é título que lle damos nós a esta creación exclusiva, protagonizada por **Capitán Lugo** e que **Charly J.** tivo a ben deseñar para este **Chío**.

- Manifesto: extracto do poema "**Ese gran simulacro**" de **Mario Benedetti**, en "Antología poética" (1984).

- Notas da editora: convíddolles especialmente, que revisen a acepción da RAE ao respecto (no dicionario da RAG non se recolle) da expresión pimpampum.

- Lembranza: o poema aparece no caderno "Cantigas dos setenta. A sede, a auga" (1970).

No apartado das **imaxes**, aclaramos que todas son, ben de autoría propia e retratan lugares de **Lugo**, ben de banco libre de imaxes.

Sempre mantiven interese polas referencias. Porque son como aqueles sendeiros que se bifurcan e se o desexas, transitas por diferentes lugares, reais ou imaxinarios. Aprendes a tecer fíos e deixarte levar aos submundos deste mundo.

Para quen toma tempo en ler estas aclaracións, por certo, vaia de agasallo, o adianto de que os meses de xullo e agosto, **Chío** virá na forma **EXTRA DE VERÁN**

Coordina e dirixe Chío, Melina López.

